



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

## **INFORMACIÓN RELATIVA ÁS SOLICITUDES DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (IDMs) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE PRETEMPADA DOS CLUBS DEPORTIVOS LOCAIS.**

---

Apertura do prazo de solicitude de instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividades deportivas de pretempada previas á competición oficial a realizar durante o **mes de agosto e setembro**, ambos inclusive.

Á vista do incremento do número de solicitudes de instalación para o inicio das actividades de pretempada (adestramentos e partido amigables) previas ao inicio da competición oficial, desde o Departamento Municipal de Deportes considérase necesario abrir un período de solicitude dos diferentes equipamentos para dar servizo aquelas entidades que xustifiquen a súa necesidade.

É moi importante ter en conta que a presentación da solicitude non significa que poida ser atendida, dado que unicamente se habilitarán unhas poucas instalacións para este tipo de propostas. Todas as instalacións teñen un período de peche obrigado que vai das 3 ás 8 semanas durante a época de verán, podendo consultarse a dispoñibilidade no cadro anexo que se adxunta a este documento informativo.

Por outra banda, todas as actividades e/ou reservas realizadas estarán condicionadas en todo momento á situación sanitaria, podendo suspenderse sen que exista ningún tipo de compensación por este motivo.

### **OBXECTO**

É obxecto deste proceso organizar o procedemento de solicitude de uso das IDMs para o desenvolvemento de actividades deportivas de pretempada vinculadas a competicións de ámbito oficial e federativo.

As actividades de adestramento de equipos que estean en competición durante os meses de agosto e setembro deberán tramitar igualmente esta solicitude.

### **PREZO PÚBLICO**

A utilización das instalacións deportivas estará suxeita ao cumprimento do prezo público aprobado na ordenanza fiscal 4.27.

### **DESTINATARIOS**

Entidades deportivas que estean debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións e que vaian a participar en competicións oficiais de ámbito federativo na tempada 2021/22, cuio inicio estea inicialmente programado no prazo de 4 a 5 semanas a contar desde a data solicitada de reserva de instalación.

### **PERÍODO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

O período comeza o **luns 12 de xullo** establecéndose un primeiro resolución na última semana de xullo en base as solicitudes presentadas ata o día 25 de xullo. O resto de solicitudes que se vaian presentando irán resolvéndose semanalmente en función da dispoñibilidade existente e do número de instalacións abertas.

A presentación será de forma obrigada a través da sede electrónica do Concello de Santiago empregando o trámite: “Uso instalacións deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempadas)”. Achégase o procedemento para presentación da solicitude ao final do presente documento.

## DOCUMENTACIÓN

Co fin de facilitar este procedemento e considerando que non se trata da solicitude oficial de tempada, a única documentación requirida será a seguinte:

- **Instancia xeral (modelo CS000)** que figura no procedemento da sede indicado anteriormente na que se deberán detallar dentro do apartado “EXPOÑO” as necesidades horarias por semana do mes, indicando equipos participantes por sesión de adestramento. De querer e poder achegar un cronograma de necesidades máis detallado en documento independente, pódese adxuntar o que facilitará enormemente o estudo de todas as solicitudes. Indicarase a data de inicio da competición oficial do equipo/s para o que se solicita instalación.
- **Declaración responsable** que se achega co presente correo e que estará a disposición na páxina web de deportes [www.deportes.santiagodecompostela.gal](http://www.deportes.santiagodecompostela.gal)
- **Protocolo covid**, unicamente aquelas entidades de nova incorporación que non o presentaran ao longo da tempada 2020/21.

O Concello de Santiago poderá solicitar que se faga entrega de calquera documentación das que figura expresamente detallada no modelo de declaración responsable, tal como seguro de RC, licenza federativa, autorizacións das familias, etc.

## CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS MOTIVADAS POLA COVID-19

Responsable COVID: Todas as entidades deberán designar un/unha responsable covid (figura expresamente no modelo de declaración responsable) que será o encargado/a de manter informado ao Departamento de Deporte así como, de que se cumpran e se apliquen as normas vixentes nesta materia:

- protocolo federativo de aplicación,
- normativa de instalacións
- resto de normas que se poidan publicar durante o periodo de cesión da instalación

**O cumprimento destas normas é obrigatorio, en caso contrario asumiranse pola entidade as responsabilidades que poidan derivarse da falta de medidas adoptadas.**

Dinámicas de uso das instalacións: As dinámicas de uso das instalacións durante as actividades de pretempada (incluídos, partidos amigables) serán as mesmas que as desenvolvidas durante os meses finais da pasada tempada 2020/21, que foron comunicadas por diversos medios. Respecto das cuestións máis importantes lembrar as seguintes:

- Número máximo de participantes (adestramentos): 50 persoas para campos de fútbol e 25 persoas para polideportivos. No que respecta ao fútbol poderán adestrar dous equipos de fútbol 11 simultaneamente en cada metade do campo, sen interacción entre eles. En fútbol 8, poderán adestrar ata 4 equipos de forma simultánea, de tal xeito que



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



cada metade de campo se asignará a dous equipos que formarán un grupo estable durante toda a pretempada (non poderán alternarse equipos). En todo caso, con independencia do número de equipos, será obrigatorio respectar os aforos máximos indicados.

- Vestuarios: Os deportistas deberán vir cambiados e mudarse o calzado nas bancadas ou nos bancos de pista do polideportivo, asignándose un vestiario a cada equipo unicamente para usos puntuais de aseo e cambio de roupa (excepcional).
- Duchas: non está autorizado o uso das duchas. A única excepción son os equipos de ámbito nacional que expresamente soliciten por escrito o uso de duchas. Esta excepcionalidade é consecuencia dos protocolos específicos deste tipo de categorías. En calquera caso, será de obrigado cumprimento respectar os aforos máximos permitidos nos vestiarios que o persoal de conserxería destine a estes efectos (con carácter xeral 2 vestiarios por equipo).
- Aforo público en partidos amigables e/ou oficiais: seguirán vixentes durante todo o mes de agosto os mesmos aforos que os publicados para o tramo final da tempada, agás que se endurezan as medidas preventivas definidas pola Xunta de Galicia co motivo da evolución da situación sanitaria provocada pola COVID-19. Consultar na páxina web de deportes. A entidade organizadora deberá levar un control do aforo segundo os máximos definidos e manter un rexistro de asistentes durante un mes.
- Ventilación/desinfección: manterase durante as actividades de pretempada os 30 minutos de separación entre actividades é dicir, entre o remate dun adestramento e o inicio do seguinte. En instalacións ao aire libre, este tempo redúcese a 20 minutos.
- Listaxe de participantes: o responsable COVID do equipo deberá presentar e entregar unha copia antes do acceso á instalación coa relación de deportistas e staff técnico que vai estar presente no adestramento/actividade. Considerando que se debe traballar con grupos estables, cada club poderá valorar o formato do documento (exemplo: relación por día coa relación de participantes por adestramento; relación por equipo para todo o mes de adestramento;...).

**Importante:** as entidades que non competiron nin adestraron durante a pasada tempada, antes de iniciar a súa actividade deberán solicitar presentarse nas oficinas do Departamento de Deportes, con cita previa, para manter unha xuntanza e asinar a acta informativa de uso das instalacións.

### **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Como consecuencia das limitacións na dispoñibilidade de instalacións os horarios a reservar tomarán como referencia de máximos os concedidos durante a tempada 2019/20, ao efecto de poder dar cabida ao maior número de solicitudes. Non se toma como referencia a pasada tempada dado o seu carácter excepcional que motivou que moitas entidades non competiran e que outras estiveran cun volume de actividade moi inferior ao previsto. Por contra, consideraranse aqueles cambios de categoría (ascenso ou descenso) que se produciran durante a pasada tempada.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

Durante o mes de agosto as instalacións poderán abrir tanto de mañá como de tarde, mentras non se inicien as competicións de fins de semana. Recoméndase que se adxunte un cronograma de traballo e necesidades para todo o mes de agosto co fin de tentar organizar a ocupación dos recintos coa máxima antelación.

Ao efecto de definir necesidades deberase ter en conta o seguinte calendario de datas posibles de apertura de instalacións para programar o inicio dos adestramentos segundo categoría deportiva, debendo indicarse expresamente na solicitude a data de inicio da competición oficial da categoría para a que se solicita instalación:

- CAMPOS DE FÚTBOL
  - A partir do 30 de xullo: inicio dos adestramentos de categoría nacional
  - A partir da semana do 9 de agosto: inicio dos adestramentos de categoría autonómica
  - A partir da semana do 17 de agosto: inicio do resto de categorías
- POLIDEPORTIVOS
  - A partir da semana do 17 de agosto: inicio dos adestramentos de categoría nacional
  - A partir da semana do 30 de agosto: inicio de adestramentos de categoría autonómica
  - A partir da semana do 6 de setembro: inicio dos adestramentos do resto de categorías
- PISTA DE ATLETISMO
  - Estarán pechadas do 1 de agosto ata o 6 de setembro.
  - A súa solicitude será a través das bases oficiais de convocatoria de uso de instalacións para a tempada 2021/22.

**Partidos amigables (para entidades con confirmación de reserva de uso para pretempada)**

Unicamente permitiranse o desenvolvemento de partidos amigables que contén coa autorización da Federación Galega correspondente, polo que se deberá achegar algún tipo de documentación que o xustifique tan pronto sexa posible (escrito da federación, copia da designación de árbitros federativos, etc.)

Para autorizar o desenvolvemento de partidos amigables a entidade deberá ter en conta o seguinte:

- O último día para presentar a solicitude será o luns anterior á fin de semana solicitado (exemplo: semana do 23 ao 29 de agosto, o luns 23 será o último día para poder solicitar partido amigable para a fin de semana do 28/29 de agosto).
- A presentación será por correo electrónico indicando data, hora, rival e instalación.
- A confirmación de reserva de instalación farase por escrito, vía correo electrónico, como máis tardar o mércores desa semana. Senón se recibe autorización por escrito o solicitado considerarase que está denegado.
- A confirmación da autorización federativa deberá enviarse antes das 13 horas do venres previo ao encontro confirmado.
- Con carácter xeral, non se autorizaran a celebración de partidos amigables durante a semana.
- Os horarios oficiais dos partidos, en caso de coincidir varios nunha mesma xornada de mañá ou tarde, serán os fixados durante a parte final da anterior tempada, é dicir:  
Campos de fútbol: 9,30 /12,45 / 16,30 / 19,45 horas.  
Polideportivo: 10,00 /12,45 / 17,00 / 19,45 horas.
- Os protocolos a seguir no uso de vestiarios e as bancadas serán os mesmo que os aplicados durante os meses finais da anterior tempada.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



## PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

A continuación mostrase de forma gráfica o proceso de acceso e solicitude na SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Santiago, á efectos informativos:

### Enlace a Trámites da sede electrónica:

[https://sede.santiagodecompostela.gal/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP\\_CODE=STA&PAGE\\_COD E=PTS\\_CATSERV](https://sede.santiagodecompostela.gal/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_COD E=PTS_CATSERV)

Localizar o trámite: Uso de instalacións deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempadas)

The screenshot shows a search interface with the following elements:

- Unidade tramitadora: C06.01.05 DEPORTES
- Medio de presentación: Rexistro Electrónico
- Os rexistros mostran: 10
- Buscar: deportes
- Trámite: **Presencial**, Rexistro Electrónico, Servizos Electrónicos
- Results list:
  - Autorizacións eventos deportivos na vía pública
  - Uso de instalacións deportivas municipais para eventos deportivos e actividades puntuais
  - Uso instalacións deportivas municipais de tempada: Pavillóns e campos de fútbol
  - Uso instalacións deportivas municipais de tempada: Pistas de atletismo
  - Uso instalacións deportivas municipais de tempada: Salas de musculación
  - Uso instalacións deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempadas) ←

A continuación, é preciso identificarse mediante certificado dixital ou autofirma, sendo **obligatorio** identificarse como **persoa xurídica** (entidade deportiva solicitante).

The screenshot shows the identification options in the electronic portal:

- Rexistro Electrónico
- Seleccione como desea identificarse:
- Con certificado dixital (with a digital certificate icon)
- Con Autofirma (with the autofirma logo)

Unha vez identificados, cubrirase o texto da solicitude

### Solicito

Texto da solicitude:

Uso das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividades deportivas de pretempada

A continuación haberá que achegar a documentación requirida para este trámite:



1. Declaración responsable para actividades deportivas de pretempada 2021/22 en instalaciones deportivas municipais (segundo modelo) Este documento achegarase como "Declaración"
2. Solicitude xeral (modelo CS000) Este documento achegarase como "Memoria"
3. Protocolo Covid (unicamente aquelas entidades de nova incorporación que non o presentaran ao longo da tempada 2020/21). Este documento achegarase como "Informe"

**Documentación que cómpre achegar**

**Documentación requirida**

Acción	Reutilización	Descrición	Estado
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Autoliquidación das taxas correspondentes	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Declaración ←	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Certificación	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Memoria ←	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Informe ←	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Certificado do seguro de Responsabilidade Civil	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Certificado seguro de accidentes	(pendiente)

Posteriormente, é preciso sinalar a pestana de consentimento informado ao tratamento de datos persoais para que apareza a opción continuar>>

Dou autorización e consentimento informado ao tratamento dos meus datos para a finalidade indicada. (ver información sobre protección de datos)

**Información básica sobre protección de datos**

**Responsable** Concello de Santiago de Compostela

**Finalidade** Presentación de solicitudes no rexistro electrónico

**Lexitimación** Consentimento

**Dereitos** Acceder, rectificar e suprimir os datos, así coma outros dereitos, como se explica na información adicional.

**Información engadida** [Máis información aquí](#)

A continuación utilizaremos as funcionalidades de asinar e enviar, para obter finalmente o xustificante do rexistro.